

## Informe da Directora. Xunta de Escola, 18 de Decembro de 2019

### 1 Eleccións postos vacantes na Xunta Escola

Habilitouse o procedemento de eleccións para cubrir vacantes no sectores alumnado, PDI-B e PAS en Xunta Escola. A directora informa de que non se celebraron eleccións porque non houbo máis candidaturas que postos vacantes. Os resultados son os seguintes (incorporacións en azul).

Sector: P.D.I. sen vinculación permanente

Apelidos	Nome
ALONSO VILLAR	ENRIQUE MANUEL
CONDE FONTENLA	MARCOS
GIRÁLDEZ PÉREZ	EDUARDO
MARTÍNEZ SÁNCHEZ	JOAQUÍN

Sector: Alumnado

Apelidos	Nome	Sector
ALONSO RODRÍGUEZ	NOELIA	Grao
ANTONIO FONTÁN	NURIA	Máster
ANSEDE VILAS	MIGUEL	Grao
CASAL BARREIRO	ALEJANDRO	Grao
DOMÍNGUEZ BLANCO	SANTIAGO	Grao
FILGUEIRA SÁNCHEZ	CARMEN	Grao
LEITE SALAS	PABLO	Grao
MONTENEGRO VÁZQUEZ	IVÁN	Grao
PARENTE ARTIME	BELÉN	Grao
RICO FUENTES	JUAN JESÚS	Máster
SANTORUM RUÍZ	HÉCTOR	Grao

Sector: Persoal de Administración e Servizos

Apelidos	Nome
GARCÍA CAUREL	JESÚS
GARCÍA EIRÍN	MIGUEL ÁNGEL
MARCOTE PEREIRA	M <sup>a</sup> MAYTE
MARTÍNEZ MARTÍN	M <sup>a</sup> JOSÉ
ROMO PÉREZ	M <sup>a</sup> DEL CARMEN

A Directora dá a benvida as persoas dos diferentes colectivos que se incorporan por primeira vez á Xunta de Escola e agradece as persoas que se presentaron de novo para participar no órgano colexiado.

### 2 Actividades de representación

- 3 de outubro. Asistencia da Directora en representación do centro á Xornada INSPIRA STEAM, para presentar os resultados do desenvolvemento do programa do curso 2018/19 e presentación do programa para o 2019/20. Inspira STEAM é un proxecto que busca fomentar a vocación científico-tecnolóxica entre as rapazas, baseado en accións de sensibilización e orientación a través de 6 sesións con carácter de obradoiro impartidas por mulleres profesionais do mundo da investigación, a ciencia e a tecnoloxía a nenas de 5º e

6º de primaria. Actualmente participan no programa Jessica Ingrid Piñeiro e Luisa Álvarez Zaragoza, egresadas do centro. Para e edición do 2019/20 incorpóranse ao programa Raquel Pérez Orozco, egresada do centro, e Teresa Rivas Brea, profesora do centro.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/asi-fomenta-universidade-que-nenas-sexan-cientificas-tecnologas>

- 13 e 14 de novembro. Asistencia da Directora en representación do centro á reunión da *Conferencia de Directores e Directoras de Escuelas de Ingeniería de Minas de España*. Nesta reunión consitúíuse formalmente a Conferencia como asociación e acordouse un regulamento de réxime interno e futuras liñas de traballo conxuntas.
- 15 de novembro. Asistencia da Directora en representación do centro ao Acto de presentación do “*II Manual de Climatización Geotérmica*”, iniciativa na que participan a Asociación *Cluster* da Xeotermia de Galicia e a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia. O acto foi organizado por ACLUXEGA.
- 26 de novembro. Asistencia da Directora en representación do centro ao acto de entrega á empresa Caolines de Vimianzo (CAVISA) da certificación AENOR de xestión de minería sostible: “*UNE 22480:2019 Sistema de gestión minera sostenible*” e “*UNE 22470:2019 Sistema de gestión minero-minerametalúrgica sostenible*”, en vigor desde xuño de 2019. A Directora sinala que CAVISA é a primeira empresa española en acadar esta certificación das normas UNE do 2019.
- 29 de novembro. Asistencia da Directora en representación do centro á entrega dos Premios Santa Bárbara da “*Cámara Oficial Minera de Galicia*”. A COMG entregou o Premio Traxectoria a José Luis López e Pedro Rodríguez, técnicos da mina Magnesitas de Rubián (Lugo) e, na modalidade do Premio de Comunicación, o premiado foi a empresa Caolines de Vimianzo (CAVISA).
- 30 de novembro. Asistencia da Directora en representación do centro aos actos de celebración de Santa Bárbara organizados polo COIMNE.
- 16 de decembro. Asistencia de David Patiño en representación do centro á sesión de constitución do Comité de Dirección de Vigo Tecnolóxico.

### 3 Reunións de traballo

- 8 de outubro e 18 de novembro. Reunión da Directora con Daniel Villanueva, Director do Vigo Tecnolóxico, para presentar as liñas básicas de traballo da agrupación ao centro.
- 14 de outubro. Reunión da Directora coa Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais para trasladar ao centro a información sobre os obxectivos do traballo a desenvolver na vicerreitoría.
- 24 de outubro. Reunión de traballo da Directora e David Patiño co persoal do IES A Paralaia (Moaña) para o desenvolvemento do Programa STEMBach. Presentáronse ao estudantado as propostas de traballo da escola.
- 5 de novembro Reunión de María Araújo e a Directora con María Baqueiro, para a organización das Xornadas da Auga en ambientes urbanos.
- 7 novembro. Reunión da Directora co Vicerreitor de Economía, para trasladar ao centro a información sobre o orzamento do 2019 e 2020.
- 11 de novembro e 21 de novembro. Reunión da Directora cos organizadores do Foro Tecnolóxico 2020, que se está a celebrar os días 4, 5 e 6 de marzo e que celebra a súa XX edición.

- 11 de decembro. Asistencia da Directora á reunión convocada polo Reitor e polo Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado para informar sobre os Graos Abertos e a convocatoria da Xunta de Galicia de Mención de Excelencia para titulacións de máster. A Directora explica as condicións dos Graos Abertos e a convocatoria de Mención de Excelencia para Máster.

A directora agradece a participación das persoas implicadas no desenvolvemento destas actividades.

## 4 Mobilidade e Internacionalización

### 4.1 Información mobilidade 2020/21

O alumnado xa pode solicitar as bolsas de mobilidade internacional para o curso 2020/21: Erasmus+Estudos, programa GE4 e programa ISEP.

Acaba de saír publicada a convocatoria de mobilidade Erasmus+ KA107 para estudantes da UVigo, que permanecerá aberta ata o vindeiro 18 de decembro. No caso da nosa Escola, infórmase do proxecto de mobilidade con Chile, concretamente coa Universidade Federico Santa María de Valparaíso e coa Universidade Católica do Norte en Antofagasta.

Información en <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/418>

Agradécese a labor realizada por Iago Pozo como responsable de RRII do centro.

## 5 Calidade

Recibíronse os resultados das Enquisas de avaliación da satisfacción coas titulacións de Grao e Mestrado 2018/19 (profesorado e estudantado).

O 10 de outubro asistiu Guillermo García en representación do centro á reunión convocada polo Director da Área de Calidade para presentar a Axenda Básica do programa de calidade.

O 5 de novembro publicáronse no Portal de Transparencia os resultados das enquisas de satisfacción de PAS e persoas egresadas (curso 2018-2019).

O 11 de novembro a Área de Calidade remitiu os informes provisionais de revisión interna do IRPD do 2017/18. Presentáronse alegacións ao informe provisional aprobadas pola Comisión de Calidade e recibíuse o informe definitivo hoxe.

O 22 de novembro publicáronse na secretaría virtual dos resultados definitivos das Enquisas de Avaliación Docente do curso 2018-2019.

Na Comisión de Calidade celebrada o 19 de novembro aprobáronse os rexistros: “R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro” (Grao EE, Grao ERME, MUEM) e “R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT”.

Na Comisión de Calidade celebrada o 18 de decembro aprobáronse os rexistros do procedemento PE01 P1 Xestión do PAS “R1 Identificación das necesidades do PAS do centro” e “R2 Identificación das necesidades de formación do PAS do centro”.

## 6 Igualdade

### 6.1 Xornada *A muller na profesión de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Unha mirada desde a experiencia persoal*

O 25 de outubro celebrouse a Xornada “*A muller na profesión de Enxeñaría de Minas e Enerxía. Unha mirada desde a experiencia persoal*”, actividade organizada polo Enlace de Igualdade do centro coa financiación da Unidade de Igualdade e coa que se buscaba identificar os principais problemas que atopan as mulleres enxeñeiras nos espazos e ambientes de traballo no seu ámbito profesional e as trabas que acostuman ter na busca activa de emprego. Interviron catro enxeñeiras de minas e graduadas dos ámbitos da enxeñaría de minas e enerxía, unha experta en estudos de xénero do ámbito da enxeñaría e participaron 30 mulleres e homes de maneira activa nos debates.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/enxeneiras-minas-enerxia-retratan-nunhas-xornadas-seu-dia-dia-profesion>

### 6.2 Proxecto Cátedra FEMINISMOS 4.0

Realizouse o proxecto “RENDEMENTO ACADÉMICO E EGRESO DAS MULLERES NOS GRAOS DE ENXEÑARÍA DA UVIGO”, proxecto financiado pola axuda á investigación da CÁTEDRA FEMINISMOS 4.0 da Universidade de Vigo, financiado pola Deputación de Pontevedra e a Unidade de Igualdade da UVIGO. O grupo de persoas que traballou no proxecto foron: Teresa Rivas Brea (Investigadora Principal), María Asunción Longo (UVIGO), Soledad Torres (UVIGO), Ana Jesús López Díaz (UDC), Ángeles Saavedra (UVIGO), María Araújo (UVIGO), Santiago Pozo (UVIGO), Elena Alonso (UVIGO), Verónica Salgueiriño (UVIGO), Almudena Filgueira Vizoso (UDC), Iria Vázquez Silva, doutora en Socioloxía Investigadora-especialista en xénero, e Lucía Santiago Caamaño (UDC).

A divulgación dos resultados deste proxecto levouse a cabo na Xornada “*Sociedade dixital e xénero. Hackeando o patriarcado*”, que tivo lugar na Escola Universitaria de Estudos Empresariais da Universidade de Vigo o día 12 de decembro organizada ao abeiro da Cátedra Feminismos 4.0, promovida pola Universidade de Vigo e a Deputación de Pontevedra. A Xornada asistiron Soledad Torres, Iria Vázquez e Elena Alonso en representación do grupo de investigación do proxecto.

Agradécese o traballo realizado por Teresa Rivas como responsable de Igualdade do centro no desenvolvemento destas dúas actividades.

## 7 Mentorización

No relativo ao desenvolvemento do programa de Mentorización realizáronse as seguintes actividades:

- Tres reunións co alumnado de primeiro curso: 9 de outubro, 13 de novembro e 11 de decembro. O 13 de novembro a reunión foi conxunta e tiveron a actividade do ovo voador.
- Unha sesión de supervisión conxunta cos mentores/as da Facultade de Económicas e Empresariais e da Facultade de Química. Esta supervisión foi realizada por Israel Villar (contratado pola área de Formación e Innovación Educativa).

Agradécese o traballo realizado por Ángeles Saavedra, Eduardo Liz e Itziar Goicoechea como responsables do programa de mentorización do centro e ao estudantado que participa no equipo de mentorización.

## 8 Difusión e divulgación

### 8.1 Participación en Congresos como representantes da Escola

Durante os días 14 a 16 de novembro o profesor Benito Vázquez presentou dúas comunicacións no XXXII Congreso ENCIGA (ENSinantes de CIENCIAS de GALICIA), celebrado en Viviero (Lugo): unha sobre a exposición itinerante (exposición) e outra sobre a Aula Aberta á TecnoCiencia (oral).

Os días 26-27 de novembro Iago Pozo, María Pazo, Julia Santalices e Carlos Iglesias participaron no Congreso *Nuevos Estilos de Vigo (NEV)* (Vigo).

### 8.2 Aula Aberta á TecnoCiencia e Obradoiro de Mineráis

Día	IES	Lugar	Benvida	Portas abertas	Aula Aberta á TecnoCiencia	Obradoiro de mineráis	Curso (nº de estudantes)
18-oct-19	IES Pino Manso	O Porriño	Iago Pozo	Roi Otero Ignacio Pérez Manuel Alejandro	David Patiño Benito Vázquez		1º de bach. (32) 2º de bach (13)
25-oct-19	IES Luis Seoane	Monteporreiro	Iago Pozo		Benito Vázquez Raúl Martínez		2º bach (12)
30-oct-19	IES Soutomaior	Soutomaior	Iago Pozo	Roi Otero Manuel Alejandro	Raquel Pérez Raúl Martínez	Bienvenido Diez	1º bach (31)
04-dic-19	IES Mendiño	Redondela	Iago Pozo	Iago Pozo	Raúl Martínez Benito Vázquez		1º de bach. (19) 2º de bach (5)
12-dic-19	IES do Castro	Vigo	Itziar Goicoechea	Visita ao MTI-INEX Enrique Alonso Manuel Alejandro Raquel Pérez			1º ESO (100) 2º bach (5)
16-dic-19	IES Felix Muriel	Rianxo	Iago Pozo		Raúl Martínez Raquel Pérez		1º y 2º bach (44)
18-dic-19	CPI Arquitecto Palacios de Paxón	Nigrán	Iago Pozo			Bienvenido Diez	

## 8.3 Charlas en IES

Día	Centro	Lugar	Charlas	Nº de estudantes
18-oct-19	IES As Barxas	Moaña	Carlos Pérez	2º ESO (90)
04-nov-19	IES Universidade Laboral	Ourense	Benito Vázquez	4º ESO y 1º bach (50)
05-nov-19	COLEGIO VIGO	Redondela	Benito Vázquez	1º y 2º bach (40)
07-nov-19	CPI Fonte Díaz	Touro	Benito Vázquez	2º (27), 3º (19) y 4º (14) ESO
13-nov-19	IES ISAAC DÍAZ PARDO	Sada	Iago Pozo	4º ESO y 1º bach (35) 2º bach (20)
18-nov-19	IES A Pinguela	Monforte de Lemos	Benito Vázquez	2º bach (14) y 1º bach (42)
22-nov-19	IES CHANO PIÑEIRO	Forcarei	Benito Vázquez	4 ESO, 1º e 2º de Bach (63)
22-nov-19	IES Antón Losada Diéguez	A Estrada	Raúl Martínez	4 ESO (30), 1º (16) y 2º (19) de bach.
25-nov-19	Salesianos	Ourense	Benito Vázquez	2º bach (18)
27-nov-19	IES de Chapela	Vigo	Benito Vázquez	4º ESO, 1º bach e 2º bach (49)
09-dic-19	IES Santa Irene	Vigo	Benito Vázquez	2º bach (50)
13-dic-19	IES Miguel Ángel González	Vilagarcía	Benito Vázquez	1º y 2º bach (62)
17-dic-19	IES Campo de San Alberto	Noia	Benito Vázquez	2º bach (16)

## 8.4 Exposicións itinerantes

Centro	Lugar	Fechas
ENCIGA	Viveiro	12/11/2019 ao 15/11/2019
IES María Sarmiento	Viveiro	18/11/2019 ao 29/11/2019
IES Vilas Ponte	Viveiro	02/12/2019 ao 13/12/2019
CPR NS ESPERANZA	Vigo	25/11/2019 ao 29/11/2019
CPR Quiñones de León	Vigo	02/12/2019 ao 13/12/2019
Colexio Possumus	Vigo	03/02/2020 ao 07/02/2020
IES María Sarmiento	Viveiro	17/11/2019 ao 29/11/2019
IES Vilas Ponte	Viveiro	02/12/2019 ao 13/12/2019

Agradécese a todas as persoas que participaron nestas actividades a súa colaboración. Agradécese a Iago Pozo o labor desenvolvida nestas actividades como responsable da actividade de difusión e divulgación do centro.

## 9 Actividades desenvolvidas no centro

### 9.1 Seminario “A pegada de carbono no sector transporte”

Como parte das accións formativas do proxecto “TROCO2: Mercado transfronterizo de carbono”, desenvolto dentro do Programa de Cooperación INTERREG 2014/2020 celebrouse un seminario sobre a pegada de carbono no sector do transporte na Escola ao que asistiron 15 persoas, estudantes do centro na súa maioría.

## 10 Actividades de celebración de Santa Bárbara

### 10.1 Xornada de Termalismo

A Directora informa de que o pasado 26 de novembro se celebrou no centro a Xornada “Termalismo Sostible para o século XXI”, evento organizado pola Asociación de Balnearios de Galicia. A Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía foi a anfitriona do evento, no que se reuniron profesionais vencellados ao sector dende diferentes ámbitos, como administración, universidades e empresas.

Aproveitouse a presenza na Xornada do conselleiro de Economía, Emprego e Industria e do Director Xeral de Enerxía e Minas, para realizar un percorrido polo centro e presentarlles a actividade que se está a realizar na Escola.

### 10.2 Seminario THERMOFLOW

O día 27 de novembro celebrouse na escola o “I Seminario THERMOFLOW”, impartido por Ignacio Martín, Enxeñeiro de Minas, especialidade Enerxía, Director Rexional España, Portugal e Latinoamérica para Thermoflow Inc., EEUU. THERMOFLOW é un software de optimización técnico-económica do deseño de plantas de xeración de electricidade, térmicas e renovables.

### 10.3 Actividades co “Colegio de Ingenieros de Minas del NW”. 3 de decembro.

- Conferencia. “*Apuntes sobre a transición enerxética en España*”, impartida por Juan José Fernández Díaz, Decano do “Colegio de Ingenieros de Minas del NW (COIMNE)”.
- Sesión informativa. “*Saídas profesionais na enxeñaría de minas. A profesión regulada de enxeñeiro/a de minas*”, impartida por Juan José Fernández Díaz, Decano do “Colegio de Ingenieros de Minas del NW (COIMNE)”.
- Entrega por parte do COIMNE do I Premio ao Mellor Expediente de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas desde o Grao en Enxeñaría da Enerxía a Carmen Rodríguez Aller e do I Premio ao Mellor Expediente de acceso ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas desde o Grao en Enxeñaría dos Recursos Enerxéticos e Mineiros a Carmen Pereira Gil.

### 10.4 Día 4 de decembro. Santa Bárbara

O mércores 4 de decembro, Santa Bárbara, celebrouse no vestíbulo da Escola o Acto de entrega dos Premios as gañadoras da terceira edición do Concurso de Fotografía ENFOCA.RME. Recibíronse 60 fotografías en dúas categorías: sénior para maiores de 16 anos e júnior para mozos e mozas menores desa idade. O xurado estivo formado por:

- Teresa Rivas e Pablo Eguía, profesorado da Escola
- Carmen Romo e Pilar Conde, persoal de administración da Escola
- Diego López, en representación da COMG, que financia algúns dos Premios do Concurso
- Santiago Domínguez e Marta Caride, en representación do alumnado do centro
- Marta García, fotógrafa profesional.

Na categoría Júnior as gañadoras foron Laura Álvarez Nogueira (1º Premio Júnior), polo seu traballo “Texturas rocosas” e Lucía Turrado González (Accésit Júnior), pola fotografía “Cebra Print”. Laura recibiu como premio unha cámara dixital valorada en 150 € e Lucía un palo *selfie* valorado en 30 €. Os premios da Categoría Júnior foron financiados pola Cámara Oficial de Minería de Galicia.

Na categoría Sénior as premiadas foron:

- 1º Premio Sénior: “Un sol de ferro” de Carmen Filgueira Sánchez (Premio cheque 300 €)
- 2º Premio Sénior: “Salina Turda” de Andrea Vidal Rivera (Premio cheque 150 €)
- 3º Premio Sénior: “Siguiendo la corriente” de Cristina Posada Coladas-Guzmán (Premio mochila fotográfica valorada en 50 €)

Agradécese a todas as persoas concursantes a súa participación, aos integrantes do xurado a súa colaboración, á COMG a financiación dos premios da categoría Júnior e a Iago Pozo o seu labor de coordinación e organización do concurso. As fotografías están expostas no vestíbulo da escola ata a seguinte edición, ENFOCA.RME 2020.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/escola-enxenaria-minas-enerxia-rendeculto-santa-barbara>

O día 4 de decembro incluíuse na programación de celebración de Santa Bárbara o concerto do grupo “De VACAS” no Teatro da Cidade Universitaria, coa colaboración da Área de Cultura da Universidade.

## 10.5 Conferencias sobre Minería e Sostibilidade

Conferencia. “Minería e Sostibilidade”. Impartida por Juan José López Muñoz, Director de Caolines de Vimianzo, CAVISA. Primeira empresa en España en obter a certificación AENOR de normativa sobre xestión mineira sostible: “UNE 22480:2019 Sistema de gestión minera sostenible” e “UNE 22470:2019 Sistema de gestión minero-mineralúrgica-metalúrgica sostenible”.

Conferencia. “A aplicación da normativa UNE sobre xestión mineira sostible para a empresa CAVISA”, impartida por Luisa Álvarez Zaragoza, Directora de Pedra Ingeniería, S.L.

## 11 Información de procedementos administrativos e/ou académicos

### 11.1 Orzamento 2020

Comunicouse o orzamento do centro para 2020. A asignación total é de 96.903,98 €, o que supuxo unha redución do 10% con respecto a 2019. Infórmase de que se pechou o exercicio orzamentario do ano 2019. Agradécese a David Patiño o traballo de execución e peche do orzamento.

### 11.2 Solicitudes de Prácticas de Campo

A Directora informa de que se publicou a convocatoria de Prácticas de Campo para o segundo cuadrimestre do curso 2019/20 e infórmase a todos os profesores con docencia na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía que as solicitudes para deberán efectuarse no Negociado de Asuntos Xerais da Escola antes do 4 de febreiro de 2020, segundo o procedemento establecido polo centro.

### 11.3 Normas xestión académica grao

Aprobouse en Consello de Goberno do 28 de novembro a modificación das “Normas de xestión académica para titulacións de grao”, relativa ao procedemento de sinaturas de actas do que se tiñan realizado instrucións en datas previas.

<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/353>



## 11.4 Espazo na Web. Avaliación por compensación

Habilitouse un novo espazo na web do centro onde se dan a coñecer os requisitos e o procedemento para a avaliación por compensación:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/estudiantes/avaliacion-por-compensacion/>

## 11.5 Obras e infraestruturas

Dende a Vicerreitoría de Planificación e Sostibilidade infórmase das obras realizadas no centro ao longo do 2019. Realizouse o acondicionamento da baixada ao *parking* da EEI dende a conexión entre a EEI e a EEME. Tamén se informa desde a Vicerreitoría que se solicitou unha subvención ao INEGA para tratar de acometer unha das obras solicitadas polo centro relativa á instalación de paneis fotovoltaicos.

## 11.6 Continuidade do Plan de Internacionalización

Recibiuse a Resolución Reitoral do 11 de Decembro de 2019 pola que se concede unha prórroga dun curso académico dos incentivos aos centros que implantaron os plans de internacionalización na Convocatoria da Universidade de Vigo do curso 2017/2018.

## 12 Actividades desenvolvidas polos membros da Comunidade Universitaria do centro

### 12.1 Difusión resultados proxecto investigación

O Grupo de Tecnoloxías Aplicadas expuxo os resultados dos proxectos SafeWay, Sirma e Topacio. A Universidade de Vigo, neste caso a través do Grupo de Investigación de Xeotecnoloxías Aplicadas, Geotech, participou en Santiago de Compostela en dous encontros empresariais nos que se presentaron os últimos avances e os principais retos aos que se enfrenta o sector das estradas a medio e longo prazo: desde o modelo de xestión e conservación da rede ata a redución de cifras de accidentalidade, pasando por como lograr unha mobilidade eficiente e sostible. Participaron na Feira Innovacarretera e na 30ª Semana da Carretera, eventos nos que participan especialistas chegados de toda España e do resto de Europa, entre eles os docentes e investigadores vigueses Joaquín Martínez, Mario Soilán e Pedro Arias.

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/uvigo-visibiliza-empresas-os-seus-ultimos-avances-idi-infraestructuras-transporte/>

### 12.2 Actividades da Delegación de Alumnado

Dentro da programación do “Mes Cultural de Santa Bárbara” impartíronse as seguintes charlas:

- Mércores 6 de novembro. “*Patrimonio Paleontolóxico e Minería*”, José Bienvenido Díaz Ferrer.
- Mércores 20 de novembro. “A chispa azul: enxía do mar”. Charla sobre enerxías renovables mariñas, Carlos Pérez Collazo (gravouse en UVIGO TV).
- Queda pendente de impartirse a charla sobre “*Novos disolventes para a extracción de compostos aromáticos de correntes de refino de petróleo*”, Ángeles Domínguez Santiago, que estaba programada para o día 4 de decembro.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/escola-enxeneria-minas-enerxia-comeza-seu-mes-cultural-festexar-santa-barbara>

A Delegación de Alumnado organizou o día 28 de novembro a tradicional churrascada á que asistiron alumnado, profesorado e PAS do centro. Nesta edición, en colaboración co Enlace de

Igualdade do centro, Teresa Rivas, instalouse un Punto Morado contra conductas e agresións machistas no evento.

Delegación de Alumnado organizou durante os días 28 e 29 de novembro torneos deportivos de *basket*, triplas, *volleyball*, fútbol sala, xadrez e *pingpong* e o día 29 de novembro a Carreira Santa Bárbara.

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/espírito-deportivo-solidario-anima-celebracions-santa-barbara>

Agradécese o traballo desenvolvido pola Delegación de Alumnado na organización destas charlas e a colaboración do PDI implicado. A Delegación de Alumnado desexa que conste o agradecemento tamén ao PAS pola súa colaboración no desenvolvemento destas actividades.